

OS MUIÑOS DE AUGA DE COIRO A TRAVÉS DA HISTORIA

Por: Lauro J. Pedreira Ares (Maio 1990)

Publicado en "Cacarexo". Comisión "Muiño de Fausto". Coiro, 1992

ESTRUCTURA DOS MUIÑOS

O muiño, independentemente da súa arquitectura, que por fóra xa sabemos que a súa estrutura era de pedra, eran pequenos, estaban construídos nos ríos ou cerca dos ríos, ou en algúns regatos, por iso se chaman tamén muiños de regato.

Tiñan esa caixa superior que era onde se vaciaba o gran e despois caía pola caneta, moía a pedra, unha pedra enriba doutra, e había os muiños, vamos a dicir, de máis importancia, tiñan unha peneira e un caixón que recollía a fariña boa. Había a fariña e máis o farelo, que non se usaba para comer e que se lle daba xeralmente aos animais.

A parte superior, a moega que era onde se botaba o gran, a canaleta por onde caía, o aliviadoiro que era un pauciño que subía e baixaba a canaleta para que caera máis ou menos gran no ollo do muiño e unha peciña que podía estar así como figura no debuxo, ben vertical ou ben enriba da roda que lle chamaban tráquea (cacarexo, nesta zona), esa peciña facía que a roda tranganearse, bailase, facía mover o gran por se este quedaba parado na canaleta.

Na parte de abaixo do muiño, tiñamos a parte enerxética do mesmo. Estaba o rodicio e a auga, ben fose por auga encorgada ou embalsada, ou pola propia auga que corría. Había incluso moitos muiños que, pola noite non moían e aproveitaban para remansar a auga nas presas pra despois ter auga para poder moer durante o día. Entre os muiños normais, no que o rodicio era horizontal, e os muiños de aceas ou "aceñas", en que o rodicio era vertical, a diferenza era que tiñan moita máis potencia, son dun estadio máis avanzado, inda que parece ser, como a palabra "aceña" é unha palabra árabe, pode levamos a considerar que estes muiños, polo menos nos tempos dos árabes, xa existían se é certa a teoría da orixe da palabra.

CLASIFICACIÓN DOS MUIÑOS

En primeiro lugar, se os dividimos pola enerxía que os movía podemos falar de muiños de auga de río, os normais, os correntes, e os muiños de auga de mar, os famosos de "marés". Quedan poucos destes. Aquí, na provincia de Pontevedra, quedan dous, un parece ser que inda está en bastante boa condición que son os muiños de "marés" da Illa de Arousa, e un muiño que hai en A Seca -Corbillón-Cambados. Uns e outros se non funcionan é porque, se cadra, agora ao mellor é máis cómodo traballar con muiños eléctricos, pero ben estaban en disposición de funcionar.

En canto aos muiños de río, que son os que nos preocupan, pois nesta zona de marés non había nin hai datados (polo menos eu descoñezo nin teño noticia deles), clasificábanse tamén se tiñan unha, dúas ou tres rodas. Os que tiñan tres rodas eran moi raros. Que eu sepa, hai un datado en Mondoñedo. O feito que teñan máis ou menos rodas era que podían

moer, ben centeo (tamén chamado pan) ou millo, que era o maiz americano que cambiou o nome polo de millo. Viu substituír a este e quedóuselle co nome.

Para moer o centeo ou o millo, usábanse unhas rodas que se chamaban “negreiras”, que eran, por dicir dalgún xeito, de pouca categoría. Eran muiños “negreiros”, os roublos ou estes típicos muiños de regato. Algúns tiñan outra roda máis, que era a “roda albeira”. “Albeira”, a palabra “albeira” significa branco, era unha roda, que se usaba para moer o cereal que entón era, e sigue a ser, o máis importante, polo menos desde o punto de vista do consumo alimenticio, o trigo. Os muiños que moían trigo eran os muiños albeiros. Outros moían de todo, pero se lle botaban trigo, moíano mal.

PROPIETARIOS DOS MUIÑOS

Dentro destes muiños negreiros, os utilizados para o pan, o centeo e o millo, había dous tipos: os que eran de titulares, de propiedade particular, dun señor que era dono deles, e polo tanto, cobraban, xa fose en especies, a “maquía”, ou xa fose en cartos. Normalmente era en especie, porque os cartos andaban escasos.

Estes muiños de “maquía”, podían ser de propiedade particular pero normalmente eran de propiedade comunal ou veciñal. É unha das cousas características destes muiños, muiños que tamén se chamaban “de herdeiros”, de varios propietarios, (o muiño de Fausto é un deles), que se transmitían coa herdanza, igual que se transmitía outra cousa calquera. Cando un pai facía o testamento, ao seu fillo deixáballo a parte que lle correspondía no muiño, incluso se chegaba a dividir en varias partes se había varios fillos, pero é que ademais, esas partes deixadas en testamento podíanse arrendar, subarrendar a outros que non pertencían a esa comunidade de herdeiros do muiño. O que non se podía facer era vender, e non se podía vender porque había o que se chamaba o “dereito de retrato”, que consistía que antes de que esa parte dun deles pasase a un extraño, recuperaban a propiedade desa parte, de tal forma, que o muiño non acabase sendo de persoas de fóra. Isto está recollido na Copilación do Dereito Foral de Galicia (que esperemos se recupere nesta nova situación política da Autonomía Galega coa creación do Tribunal Superior de Galicia) e que vou ler por curiosidade : “Chamábanse muiños de herdeiro aos de propiedade común, indivisible, dedicados a morturación de grans para o consumo familiar e alimentación do gando dos condueños do muiño. O aproveitamento da cuota indivisa faise por pezas ou por partes, grupos de seis horas, exclusivas de cada herdeiro, e susceptibles de permuta ou arrendo. Os propietarios contribuían proporcionalmente aos gastos de conservación e reparación do edificio, maquinaria e aproveitamento da auga sen que haxa lugar entre eles ao pago de maquía. Podíase exercitar o dereito de retrato en caso de transmisión intervivos.”

E así estes muiños de herdeiros chegaron ata os nosos días.

OS MUIÑOS DE COIRO

Os muiños de Coiro a través da historia, da historia que eu coñezo, e non vamos a ir nin á época dos romanos, no que os muiños eran “de man”, nin tampouco máis atrás.

Quede aquí como anécdota, que polo visto o muiño de auga foi descrito, por primeira vez, por un tal Antipáter de Salónica, 85 anos antes de Cristo, ou sexa, que a cousa é de vello.

Indudablemente, os muiños están moi ligados ao desenvolvemento da agricultura, e, sobre todo, a agricultura dos cereais, pero ademais tamén a un instrumento que é bastante moderno, o arado de vertedera, o arado (vamos chamarlle así) de ferro, porque os arados anteriores, o romano, o de madeira, que inda había tamén. Este de ferro foi unha auténtica revolución na mellora da colleita.

Se nos fixamos na documentación dos Muiños de Coiro, teño documentos, bastantes, que arrancan desde o ano 1586, é dicir, desde a época de Felipe II. Neste tempo, aquí a existencia de muiños en Coiro viña dada porque as circunstancias xeográficas facilitábano. Aquí hai unha conca hidrográfica moi ben aproveitada. Os dous ríos, o Presas, o Bouzós, e outros máis pequeniños que hai polo Espiritusanto, o Saíñas, o do Regato, etc, constituía unha base axeitada para que se desenrolasen os muiños. Por outra parte, cando apareceu o maiz americano, chamado despois millo, polo abandono do anterior, a primeira vez que se cultivou en Galicia foi no ano 1604, (seino moi ben porque se cultivou por vez primeira en Mondoñedo), e a partir de aí empezou a extenderse por Galicia. Parece ser que aquí hai un documento de Domaio que por 1614 xa sementaban millo.

Ben, estes muiños foron desenrolándose nestes séculos, ata o ano 1752, ano do Catastro de Ensenada, en que había na nosa parroquia 32 muiños, muiños que despois relacionarei, por curiosidade, de que eran os propietarios ou quen os administraba.

Por empezar, nesta visión pola historia, podemos ver por exemplo un documento do ano 1586, Pedro Nuñez, mercader, veciño de Vigo, arrendoulle a Gregorio de Penedo, mareante, veciño de Cangas, *"el molino que se nombra de Romarigo, de dos ruedas, - imaxinemos una negreira e outra albeira-, sito en Coiro, por tiempo de 1 año y por renta de 120 celemines de pan mediado, tres ferrados de trigo e dos gallinas, a pagar la mitad en 1 de Junio y la otra mitad para Navidad."* Normalmente, cando se arrendaba, sempre tiñan esta dúas fechas, unha no verán e a outra no inverno, incluso podía ser por celebración de santos, por exemplo, polo Santiago e polo Nadal, de seis meses en seis meses.

Noutro documento, este xa de 1623, Juan Pérez Hurtado, mercader, veciño de Cangas (máis tarde será veciño de Coiro), prorroga o arrendamento que fixera había tres anos a *"Gonzalo de Outeiro, molinero, veciño de Coiro, de su molino de Reboredo"*. Este muiño era de *"dos piés, uno albeiro y otro negreiro"*, e arréndase xuntamente coa *"casa, heredad y aparejos"*, e con algunhas cláusulas contractuais moi particulares. Así, *"Gonzalo de Outeiro deberá plantar en el año 1624 venidero, en dicha heredad: 4 limoeiros y algunhas figueiras y maceiras y pies de viña, todo a su costa, y tendrá muy bien reparada la dicha heredad so pena de pagar 100 reales. Deberá pagar a Juan Pérez Hurtado diez ferrados de trigo cada mes"*.

Como vedes, o muiño tiña moitas veces non soamente o que era o edificio do muiño, senón que o terreo que había ao seu arredor tamén era propiedade do mesmo pois normalmente o muiñeiro non era un profesional, como un carpinteiro ou un ferreiro, en onde efectivamente tiña que aprender o oficio, era muiñeiro como complemento da súa actividade de labrego, pero non era una profesión que houbera que aprender moi dificilmente. Había tamén mulleres que traballaban no muiño.

Hai outro documento que cita a reparación dun muiño. Este podíámolo incluso contrastar co que custou reparar este de Fausto. Aquel muiño que se reparou no ano 1623, "muiño perdido, desbaratado y no podía moer". Domingo de Marcos arranxouno todo a súa costa. Os gastos foron os seguintes:

- *Por coger un pié y una muela para dicho molino 24 reales*
- *Por un oficial que le ayudó a cortar la piedra ... 18 r.*
- *Por el carretón que le trajo las piedras hasta la mitad del camino, por haberse quebrantado 6 r.*
- *Por llevar un carro al monte para traer la muela de dicho molino 2 r.*
- *Por dar de comer y beber a las personas que truxeron las dichas piedras 16 r.*
- *Por un carretón que truxo la dicha piedra del medio del camino al molino 11 r.*
- *Por un carballo que se compró y por coger dicho carballo, en dos días de jornales secos, a 4 reales cada día el maestro y 3 reales a tres hombres que anduvieron con él. 30 r*
- *Por clavos para derezar el molino . 10 r*
- *Por 5 días de jornales a Juan Bravo por hacer las paredes del dicho molino y asentar las piedras, a 4 reales cada día y 3 hombres que le ayudaron a 3 reales cada día. 65 r.*
- *Por un palo para el reguero de dicho molino. 2 r.*
- *Por catorce carros de barro para el aderezo de dicho molino a real cada uno. 14 r.*
- *Por doce carros de piedra a real cada uno. 12 r.*
- *Por aderezar las puertas del molino y retejar 2 hombres. 6 r.*
- *Por 5 días de jornal de tres hombres que le ayudaron. 15 r.*
- *Por aderezar picos y demás herramientas . 2 r.*
- *Por la trabe del molino. 4 r.*
- *Por un "cobete o lobete" que se recompuso . 4 r.*
- *Por un carballo para ripa del dicho molino. 4 r.*
- *Por (ilegible) que truxeron de la feligresía de Moaña para el dicho molino. 35 r.*
- **TOTAL 280 reales**

Claro, agora parécenos moi barato, pero fixédevos ben nunha cousa. Esta inversión parece importante se temos en conta que, naquela época, os 280 reás equivalen a 90 xornais aproximadamente; que unha casa de sótano e sobrado costaba ao redor de 1.200-1.300 reás; e que as utilidades que se lle calculaban a un muiño de dúas rodas en 1752 (un século máis tarde) eran de 500 a 600 reás ao ano.

É dicir, que a obra aquela supoñía case a terceira parte dunha casa e representaba máis da metade de moitos do arrendo que se cobraba dun muiño ao longo de todo un ano.

Se seguimos con isto, sinalar tamén como curiosidade, que estes muiños daban orixe moitas veces a preitos. Discutíanse por un camiño. Aquel verso de Noriega Varela:

*"Púxenlle preito a un veciño
polo verrer dun leiro
comer comeu o que tiña
pero amolar amoleino".*

Tamén por outras cousas, se lle quitaban a auga, que lle collían o turno, ... e todo isto daba orixe a preitos.

Un deles tivo lugar no ano 1628.

O muiño do Sixtro vai ser protagonista. Luis de Vega Alemparte, veciño de Cangas, fai protesta e requirimento contra Ana Fonso ou Afonso, viúva de Alberte Costas, os seus fillos e outras persoas que *"de noche, a deshora, armados y estando yo ausente desta villa y jurisdicción, por fuerza y contra mi voluntad, atolaron, cerraron y deshicieron toda la presa y echaron el agua fuera y desde entonces mi molino no ha molido ni muele"*.

Claro, a muller reclamaba e levounos á Xustiza. O que pasaba debía ter relación co que está a pasar hoxe no que a xustiza estaba cuestionada, pois se vemos outro preito veredes como acaba a cousa.

En 7-11-1641, Alonso de Queimaño e Pedro das Gruncheiras, preitean pola auga e a presa duns muíños sitos no río de Gunderán. Alonso de Queimaño tiña un muiño preto de outro de Pedro das Gruncheiras. A este, *"por hacerle mal y daño, podía hacer tres meses, con gente, había deshecho la presa antigua que repartía el agua y hecho otra nueva, de manera que había hecho mucho daño y agravio"*. Por esta causa Alonso de Queimaño querelouse contra Pedro das Gruncheiras, diante da xustiza ordinaria da vila de Cangas. Máis por se gardar de preitos, costas e gastos, ámbolos dous outorgan escritura de concordia da forma e maneira seguinte: Acordan que se faga por man de Juan dos Santos, carpinteiro, o peirao de pedra que fose menester na presa antiga, de maneira que a auga veña corrente ao muiño de Alonso Queimaño para que poda moer coma sempre: os gastos que ocasione as ditas obras pagaranos deste xeito: Alonso Queimaño un tercio, e Pedro das Gruncheiras dous tercios; Pedro daralle a Alonso quince reais polos gastos que se lle ocasionaron a este con motivo da querella, e polo que se refire os danos e menoscabos polo tempo que o muiño estivo parado, Alonso perdóallos a Pedro *"para siempre jamás"*.

Por último, xa para rematar con este capítulo dedicado á historia dos muíños, quero facer referencia a un detalle que me parece moi importante, é unha das cousas, unha das lagoas que teño sen acabar porque, e faime falta saber, a ver se nas próximas documentacións somos capaces de desentrañar o significado deste párrafo que vos vou a ler. Pertence a una cláusula de contrato dos muíños que di así:

"Francisco de Nerga y los suyos, por los tres años de arrendamiento, habrán de pagar en cada año dos ferrados de pan mediado centeno y mijo, por la medida de Avila, a la Cámara de Entrambos Ríos "

¿Que é iso da Cámara de Entrambos Ríos? ¿E que había algunha Organización Gremial que dunha ou doutra maneira, gobernaba os muíños? ¿Había unha especie de Organismo que controlaba a actividade dos muíños? De momento a cousa quedou así. Eu non teño desentrañado esta cuestión, cuestión que me parece importante. Realmente que se saiba, que houbera Organizacións Gremiais en canto a Muíños de Herdeiros, non sei nin teño coñecemento que existan datos sobre este particular. Entón será interesante máis adiante saber o que era esta Cámara de Entrambos Ríos.

Dito isto da historia, vamos dicir, máis alonxada dos séculos XVI e XVII, chegamos ao s.XVIII, e no ano 1752, encargouse o famoso Catastro de Ensenada. Fíxose nas 22 provincias do Reino de Castilla, entre elas, claro, estaba Galicia, e aquí, na parroquia de Coiro, cando se preguntou se había muiños, díxose que 32 muiños de pedra negreiras, *"dos de ellos de dos ruedas, que muelen diez meses al año en el agua del río Bouzós, junquera y regato; de los de dos ruedas pertenecen uno a D. Demetrio de Avendaño, presbítero, vecino de Cangas, y consortes, que administra Bernardo de Nogueira, vecino de la misma feligresía, y regula en utilidad de 600 reales de bellón."*

(O de reales de bellón convén sinalado por unha razón. En aquela época era moi difícil ter cartos. Moitas veces cultivábase trigo, única e exclusivamente, porque no contrato do arrendamento había unha cláusula que obrigaba a pagar en trigo, e inda que aquí o cultivo do trigo era practicamente escaso, porque os nosos solos e climatoloxía son malos, sen embargo, había que cultívalo porque había que pagar a renda en diñeiro non se podía facer, nin en ouro nin en prata, porque non a había. Eran épocas de miseria. Incluso, para pagar outros tributos máis importantes, autorizouse por Facenda que se fixera en moeda de bellón, que era moeda de cobre, eran como esas "perras chicas" ou "perras gordas", moeda con pouquiño valor)

Outro era de Da. Antonia Benita Montejano (do cal inda quedan recordos) e Da. Rosa Requejo, veciñas de Cangas, que administraba Francisco de Nogueira.

Outro era dos "Padres de la Compañía" (eran os frades da Compañía de Xesús, os Xesuitas), que dependían de Salamanca, pero que tiñan propiedade aquí; igual que tiñan as Monxas de Santas Clara de Pontevedra. Outro de D. José de Camba e D. Gabriel de Benavides, veciños da referida freguesía (estes eran de aquí, de Coiro, dous señores que figuran como fidalgos empadroados na nosa parroquia.

Outros varios eran de:

- Gregorio Martínez – Ignacio de Molanes – Andrés Fandiño - José de Abelán - Juan de Miranda – Domingo dos - José Villar Domingo de Cirdás - José de Pousada - Benito de Molanes - Benito de Soliño – José Rodríguez - Domingo Jaúregui (presbítero de A Rúa) - Antonio Piñeiro - Manuel Ramírez Montejano y Morales – Francisco Gestido - Bernardo Albo (presbítero y vecino de Granada), etc. Tamén hai que indicar a veciños que están censados como muiñeiros. Son D. José Pardo (da Devesa), Gregorio Martínez (de Pazo-Verín) e Bartolomé de Soage (de Reboredo). Son os únicos que figuran como muiñeiros. Suponse que serían os que eran tales como profesión, ben estables, ou cun período de tempo máis ben longo.

Ben, dito isto, e para rematar, hai unha referencia obrigada ao folclore. Os muiños foron sempre un centro social, de xuntanzas, importante na vida das aldeas e das nosas parroquias. Arredor dos muiños teceuse unha abondosa lenda de interesantes manifestacións da lírica popular. Hai quen di que a muiñeira naceu nos muiños pero parece ser que non é verdade.

Nos muiños xuntábanse os que agardaban para recoller a fariña e os que viñan para cambiar de tumo, e aproveitaban para charlar, troulear,etc. Fias e muiñadas foron a maneira de divertirse de moitas xeracións de antepasados nosos. Polo serán, á noite, homes e mulleres, mozos e mozas achegábanse ao muiño, facendo así as muiñadas, a lería,

a festa, a diversión, que viñan rematar moitas veces en casamento. Hai un rico **folclore** sobre estas festas dos muiños, e sobre todo, coplas. Por exemplo, estas que eu recollín aquí, por ser algo máis simpáticas ou máis bonitas:

O muiño ten a taina
a auga faino tainare
a filla do muiñeiro
rabea por se casar.

O muiño do meu pai
eu ben lle sei o temper
cando está alto baixalo
cando está baixo erguelo.

O muiño cando moe
bota a fariña por baixo
así fai a boa nena
cando non pon o refaixo

Fun ao muiño con Paula
fun ao muiño con ela
ela durmeu nos meus brazos
eu dormín nos brazos dela.

Non quero ser muiñeiro
nin barrer o tremiñado
que aló no outro mundo
toman conta do roubado.

Fun esta noite ao muiño
non moín nin muiñei
perdín a trenza do pelo
eso foi o que gañei

Tamén existe outra boa colección de **refráns** sobre os muiños, algúns moi satíricos, sobre todo aqueles que dicían : “ Eche fillo do muiño “, ou contos como aquel do muiñeiro e o taberneiro que se atopan no infemo, e o taberneiro dille ao muiñeiro:

—E ti, ¿por que estás aquí?

—Home, eu por medir de máis.

E dille o taberneiro

—Como é iso. Se eu estou aquí por medir de menos.

Ben, en fin, para rematar, a copla que resume todo este folclore dos muiños, é unha copla que todos coñecemos que é aquela de...

**Unha noite no muiño,
unha noite non é nada.
Unha semaniña enteira,
esa sí que é muiñada.**